

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

CCOO asina o **Novo Pacto de Selección Temporal** despois de anos de negociación, co fin de actualizalo ás novas necesidades e mellorar o documento anterior.

A súa **aplicación farase efectiva na próxima actualización e xeración de listas do ano 2026** (non nas que están en curso, pendentes de publicar, derivadas da actualización do 2025).

Principais novidades:

- ✓ **Cambio na data de actualización das listas** no caso de **categorías que requiran unha especialidade sanitaria**: ata o **30 de xuño**.
- ✓ **Eliminación do requisito dun ano** de permanencia na praza fixa para acceder pola quenda de **promoción profesional temporal**.
- ✓ Regúlase a quenda de promoción profesional temporal para os profesionais con **discapacidade intelectual**.
- ✓ **Áreas especiais**: amplíase a cobertura, de **60 días a 180 días**, e créanse **novas áreas**.
- ✓ Incorpórase a posibilidade dunha oferta de contratación por **medios telemáticos**, que se implementará paulatinamente.
- ✓ Nas **listas de ámbito autonómico** ofertaranse tamén os **vínculos de longa duración doutros distritos preferentes** (no anterior Pacto non existía esta posibilidade).
- ✓ **Elimínase a mellora de vinculación** que existía no Pacto anterior de longa duración (SEA) a interinidade en praza vacante.
- ✓ Contémplase a **suspensión de chamamentos xeral**: nese caso non haberá que xustificar ningún motivo.
- ✓ A **suspensión de chamamentos pode ser nunha soa categoría**, non como antes que era para todas as categorías inscritas.
- ✓ As persoas de **“fóra de lista”** (listas paralelas) **tamén poden ser penalizadas** e postas en suspensión de chamamentos.

Para máis información, acode á túa sección sindical de CCOO

17 de marzo do 2026